

PROPOSTA DE CONCESIÓN DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

CURSO 2022-23

ÁMBITO: ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA

Rematado o prazo de reclamacións ao informe provisional de avaliación elaborado polo Tribunal e unha vez resoltas as alegacións presentadas, sen modificación das puntuacións, o citado informe adquiriu carácter definitivo.

Tras analizar dito informe, a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento, na súa reunión do 18/01/2024, acordou elevar ao Consello de Goberno a seguinte proposta de concesión dos Premios Extraordinarios de Doutoramento no ámbito de Enxeñaría e Arquitectura:

- **Natalia Cid Rodríguez** (Tecnoloxías Mecánicas e da Producción)
- **Martín Liz Domínguez** (Enxeñarías da Comunicación, Computación e Electrónica)
- **3 premios desertos: 1 campo 6.1, 1 campo 6.2, 1 campo 6.3**

Para a elaboración da proposta tiveronse en conta as seguintes circunstancias:

A Resolución Reitoral de 18 de setembro de 2023, que indica que se asignarán 5 premios ao ámbito de Enxeñaría-Arquitectura, distribuídos da seguinte forma segundo o campo CNEAI asignado:

CAMPOS CNEAI ASIGNADOS	NÚMERO DE PREMIOS
6.I Tecnoloxías Mecánicas e da Producción	2
6.II Enxeñarías da comunicación, Computación e Electrónica	2
6.III Arquitectura, Enxeñaría Civil, Construcción e Urbanismo	1

Segundo o establecido no punto 7 dos criterios de concesión de Premios Extraordinarios de Doutoramento da Convocatoria, para optar ao premio extraordinario será requisito acadar 50 puntos no total ou 40 puntos no apartado 2 (sen aplicar para isto ponderación ningunha en ambos casos).

O Director da EIDO
Antonio Collazo Fernández

